

ACTIVIDADES DO ANO SARMIENTO

No marco da conmemoración do Ano Sarmiento, o Concello de Pontevedra está a desenvolver unha serie de actividades de divulgación e coñecemento da súa vida e da súa obra das que informamos a seguir por se consideran de interese participar nelas:

1. Exposición sobre Martín Sarmiento.

Mostra de carácter didáctico que permanecerá aberta no Pazo de Mugártegui ata o 12 de maio. Pode ser visitada por grupos en horario de mañá, previa solicitude por escrito á Concellería de Cultura do Concello de Pontevedra.

O Museo de Pontevedra tamén promove unha exposición documental sobre Martín Sarmiento que se inaugura o 16 de maio.

2. Roteiro Sarmiento.

Percorrido polos edificios e espazos do Centro Histórico de Pontevedra relacionados coa vida e a obra de Martín Sarmiento. Os asistentes recibirán unha guía do roteiro.

A duración aproximada do roteiro, sen contar a visita á exposición, e de 1 hora, 15 min.

A visita pódese complementar con paradas en espazos relacionados coa vida de Sarmiento como o Mosteiro de Lérez ou Mourente (casa familiar e carballo centenario de Santa Margarida).

O Concello de Pontevedra tamén segue ofrecendo visitas polo Roteiro Castelao; percorrido polos lugares da cidade relacionados coa vida de Castelao que inclúe tamén unha visita ao Museo de Pontevedra.

3.- Os camiños de Sarmiento. (Itinerarios polo patrimonio cultural e natural de Pontevedra e a súa comarca).

Continúan os actos do Ano Sarmiento coa realización de actividades de coñecemento do patrimonio cultural e natural de Pontevedra e a súa comarca, empregando como guieiro as viaxes que o Padre Sarmiento realizou polo contorno do noso Concello.

Os roteiros realizaranse durante tres domingos consecutivos do mes de novembro cos seguintes itinerarios:

Domingo 10. Pontevedra-Mourente (Santa Margarida e Castrosenín)-Bora (pontes)-Tenorio (mosteiro)-Cerdedo (Pazo das Raposeiras).

Domingo 17. Pontevedra-Tomeza (San Cibrán)-Ponte Sampaio-A Peneda-Vilaboa (As Salinas).

Domingo 24. Lérez-A Xunqueira da Gándara-Poio (mosteiro)-O Castrove.

Os percorridos realizaranse combinando o desprazamento en autobús e a viaxe a pé. As saídas están previstas para as 9,30 horas da mañá diante do Concello e teñen unha duración máxima de 4 horas. Para poder participar é preciso inscribirse no Departamento de Normalización Lingüística do Concello (Chalé Fontoira, tel. 986-863157). O número máximo de participantes é de 50 persoas.

Estes roteiros poderán repetirse nos próximos meses se houberse demanda neste sentido. Como remate desta actividade publicarase o libro “Os camiños de Sarmiento. Itinerarios polo patrimonio cultural e natural da comarca de Pontevedra”.

Ademais, o Concello ten previsto publicar o documento que Martín Sarmiento escribiu sobre o camiño real entre Pontevedra e o Ribeiro de Avía, iniciando así un programa específico de recuperación e promoción deste camiño histórico que comunicaba Pontevedra coa comarca do Ribeiro.

OUTRAS ACTIVIDADES DO ANO SARMIENTO

PLANTACIÓN DUN NOVO CARBALLO EN SANTA MARGARIDA- MOURENTE

O Concello de Pontevedra prosegue as actividades de sensibilización sobre o patrimonio cultural e natural galego que se veñen desenvolvendo desde o pasado 21 de marzo, día no que foron plantados 25 carballos no monte da Fracha (Marcón) en homenaxe a Marcos da Portela e aos 24 personaxes que protagonizan o libro de Martín Sarmiento “Coloquio de 24 galegos rústicos”.

O sábado 20 de abril, os concelleiros de Cultura e Medio Ambiente, representantes de entidades culturais e veciñais e veciños de Mourente participaron na plantación dun novo carballo que acompaña ao centenario carballo de Santa Margarida. Este acto, de forte contido simbólico, pretende representar o compromiso colectivo para defender o patrimonio natural e cultural galego e garantir a súa continuidade e pervivencia.

POR UN FUTURO DE ÁRBORES E LIBROS

Despois da plantación o sábado 20 dun novo carballo no lugar de Santa Margarida-Mourente, á beira do vello carballo centenario elixido como símbolo do Ano Sarmiento, o luns 21 de abril, véspera do Día do Libro, os protagonistas foron os nenos e nenas de Pontevedra, que participaron ao longo da xornada na plantación de faias, castiñeiros, cerdeiras e nespereiras nos patios dos seus colexios.

Esta actividade, enmarcada na programación do Ano Sarmiento (Campaña Mil Primavera) e no programa de actos do Abril dos Libros, pretende establecer unha ligazón directa entre o mundo das árbores e o mundo dos libros, dous medios necesarios para artellar unha sociedade máis consciente da súa identidade, máis solidaria cos demais, máis respetuosa co medio, máis culta e máis xusta.

O feito de que neste día os protagonistas fosen os nenos e nenas de colexios pontevedreses pretende salientar o importante papel das novas xeracións na conservación do medio ambiente, na preservación da biodiversidade e na defensa da riqueza do patrimonio cultural galego